

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL FERROL, EUME, E ORTEGAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no *Diario Oficial de Galicia* número 82 do 30 de abril de 1991.

Doutra parte:

Don Félix Pena Calvo, con DNI 32616137K, presidente da entidade, que actúa en nome e representación da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, con NIF G15524614, elixido na Asemblea Xeral celebrada con data 2/06/2023, o que lle outorga as funcións indicadas no artigo 16 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que segundo o establecido no artigo 1 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, esta consellería é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo, entre outras, as políticas de benestar social, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

IV. Que a Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro provincial de Asociacións de A Coruña co número 4003/1ª, tendo por finalidade, conforme ao previsto no artigo 2 dos seus estatutos o apoio ás familias e persoas usuarias de servizos de saúde mental a través de actividades de axuda mutua, xestión de recursos e soporte social, co propósito de conseguir a máxima atención social á problemática que presentan, así como a propia reincorporación na sociedade.

Tamén figura como finalidade a atención ás necesidades de rehabilitación psicosocial e laboral a persoas con enfermidade mental grave e as súas familias mediante unha atención integral personalizada e facilitando un entorno social normalizado para lograr a súa autonomía e integración. A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-859 e declarada de utilidade pública con data 27 de xaneiro de 2007.

V. O Consello Europeo probou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo Corona virus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril do 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e articúlanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran trinta compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas destinatarias, reforce os ditos servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

VI. O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, con data do 30 de abril de 2021, o Acordo para a distribución dos créditos para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 relativo á “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste acordo, o 20 de agosto de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia.

VII. Con data 21 de xuño de 2023 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude dictou a a resolución outorgando autorización para a construción dunha Residencia para persoas adultas con discapacidade derivada de enfermidade mental en As Pontes (Nº de expediente BS103D 2023/000035), ao abeiro do Decreto 254/2011 do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

Trátase dun equipamento necesario para poder prestar o "Servizo de atención residencial psicosocial para persoas dependentes con enfermidade mental (020708)" como se recolle no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu custo.

Así mesmo, o equipamiento Residencial deberá cumprir co disposto no Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes, dentro do sistema de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia.

O dispositivo está destinado as persoas dependentes con enfermidade mental que precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal e psicosocial orientadas principalmente á rehabilitación das capacidades psíquicas e a promoción da autonomía persoal.

VIII. Así o exposto, o obxectivo deste convenio é financiar un proxecto de investimento da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal consistente na construción do dito equipamento dun edificio que albergará unha Unidade Residencial para persoas con Enfermidade Mental.

Trátase dun establecemento social necesario para poder prestar o "Servizo de atención residencial psicosocial para persoas dependentes con enfermidade mental" como se recolle no dito Decreto 149/2013, do 5 de setembro.

Os obxectivos xerais do dito establecemento son:

- a) O mantemento no contorno comunitario das persoas con trastorno mental persistente.
- b) Mellorar o funcionamento psicosocial da persoa con enfermidade mental, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.
- c) O apoio ás familias das persoas con trastornos mentais persistentes, favorecendo as súas capacidades e recursos de adaptación á enfermidade e promovendo unha mellora na súa calidade de vida.

d) A prestación de servizos de rehabilitación psíquica e social para a persoa recoñecida dependente con enfermidade mental.

Os obxectivos concretos a acadar coas persoas usuarias residentes son á rehabilitación das súas capacidades físicas, psíquicas e sensoriais, e á promoción da autonomía persoal, a través da prestación dos seguintes servizos:

a) Área de información, valoración, seguimento e orientación.

1º. Servizo de valoración, seguimento, avaliación e coordinación.

2º. Servizo de información, orientación e formación a familiares.

b) Área de formación básica e instrumental.

1º. Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

2º. Adestramento en habilidades sociais.

3º. Adestramento nas actividades da vida diaria.

4º. Psicoeducación da persoa usuaria.

5º. Prevención de recaídas.

6º. Seguimento, supervisión e acompañamento ás citas médicas, psiquiátricas e de enfermaría.

7º. Área de actividades e programas.

8º. Actividades de ocio e tempo libre.

c) Área de mantemento e/ou rehabilitación.

d) Área de servizos xerais.

A Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal pretende poñer ao alcance das persoas con problemas de saúde mental os recursos sociais necesarios para promocionar a súa autonomía e conseguir a súa integración social e laboral. O equipamento está destinado dirixido a persoas de 18 a 65 anos recoñecidas dependentes con problemas graves de saúde mental.

Trátase de facilitar a adquisición de roles sociais para evitar situacións de illamento e dificultades de integración social e laboral mediante a posta en marcha no dito equipamento de programas de apoio psicosocial e laboral, baseándose no valor do traballo como ocupación produtiva.

VII. A concesión dunha subvención a través deste convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos

cidadáns e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e coidados de larga duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de coidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan.

Neste marco resultan de aplicación o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o dito Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Así mesmo, resulta de aplicación a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1296, (UE) nº 1301/2013, (UE) nº 1303/2013, (UE) nº 1304/2013, (UE) nº 1309/2013, (UE) nº 1316/2013, (UE) nº 223/2014 e (UE) nº 283/2014 e a Decisión nº 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº. 966/2012.

A Asociación Saúde Mental (ata principios do ano 2017 AFAES Porta Nova), está integrada por persoas con enfermidade mental, os seus familiares e profesionais de distintos campos relacionados coa Saúde Mental. Legalmente constituíuse no ano 1995 como asociación sen ánimo de lucro e, dende ese ano ven desenvolvendo a súa labor nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Forma parte do movemento asociativo a favor das persoas con enfermidade

mental FEAFES Galicia (a nivel autonómico), así como da Confederación Saúde Mental España (a nivel estatal).

De acordo cos seus estatutos, esta entidade ten como obxectivo fundacional a atención das necesidades de rehabilitación psicosocial, laboral e de vivenda das persoas con discapacidade que sofren unha enfermidade mental e das súas familias, e circunscribese exclusivamente a Área Sanitaria de Ferrol o seu ámbito xeográfico de actuación.

Dentro do movemento asociativo a favor das persoas con discapacidade non existe ningunha outra entidade ou asociación que desenvolva actuacións similares na citada área xeográfica que abrangue os vinte concellos da comarca de Ferrolterra, no norte da provincia da Coruña, a saber, Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

A día de hoxe, trátase da entidade de referencia para as persoas con enfermidade mental crónica e as súas familias no citado ámbito sendo recoñecida polo seu labor de rehabilitación e integración coas persoas con discapacidade afectadas por unha problemática de saúde mental grave e as súas familias para conseguir unha vida social e laboral normalizada.

Polo tanto, a especialidade deste proxecto xustifícase polo carácter singular da entidade promotora e, a maior abundamento, a diferenza do resto de áreas sanitaria de Galicia, pola inexistencia de prazas ou recursos residenciais destinados ás persoas con este tipo de discapacidade na área sanitaria de Ferrol, ámbito de actuación da entidade, polo que a execución deste proxecto considérase prioritario para a Consellería.

Moitas persoas con esquizofrenia e outras enfermidades psiquiátricas graves sofren discapacidades que limitan as súas posibilidades de vida independente. Cando o enfermo carece apoio, xa sexa familiar, protección social ou por carencia de apoio residencial, córrese o risco de que o enfermo se atope sen fogar. Pode considerarse á enfermidade mental como un factor causal principal no 35% das persoas sen fogar. Esta proporción elévase ata o 50% dos casos se se inclúen os trastornos por consumo de substancias.

Por outra banda, os estudos realizados recentemente na Comunidade Autónoma de Galicia prevén a medio e longo prazo un forte incremento da necesidade de prazas residenciais destinadas a este ámbito de persoas con discapacidade, debido, por unha banda, ao incremento xeral de pacientes con trastornos mentais severos en situación de dependencia

e, por outra banda, á cada vez menor asunción dos coidados por parte das familias, debido a razóns demográficas, de saúde, e aos cambios nas estruturas socio familiares.

Así pois, o interese público e social que se persegue por parte da Consellería de Política Social de Xuventude a través da sinatura deste Convenio de Colaboración coa Asociación Saúde Mental para o desenvolvemento deste proxecto de apoio residencial para persoas con discapacidade queda acreditado pola necesidade de poder prestar conxuntamente unha atención de calidade a un colectivo especialmente vulnerable como son as persoas con problemas de saúde mental residentes na área sanitaria de Ferrol.

A imposibilidade de promover a concorrencia pública en relación ao disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro xustifícase na especificidade das características do proxecto que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas así como, tal como se sinalou anteriormente, na ausencia no ámbito territorial de actuación (área sanitaria de Ferrol) de recursos similares nin de ningunha outra entidade asociativa alternativa que desenvolva este tipo de proxectos e actuacións destinados as persoas con discapacidade con enfermidade mental e as súas familias.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, segundo o previsto no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento da execución dun proxecto consistente na construción dun edificio de la entidad beneficiaria que albergará unha Unidade Residencial para persoas dependentes con Enfermidade Mental o baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude coa Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegall través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da execución dun proxecto da entidade beneficiaria consistente na construción dun edificio que albergará unha Unidade Residencial para persoas dependentes con Enfermidade Mental, de 25 prazas, no Lugar de Feal, s/n, As Pontes (A Coruña).

Para iso, no edificio disporase de zonas comúns, habitacións, locais de asistencia, locais técnicos e de servizo, zonas axardinadas e accesos entre outras.

A parte residencial estará formada por 3 habitacións dobres e 19 individuais, zonas comúns, para esparcemento e ocio, zona para taller de actividades, comedor, cociña, almacén, despachos de atención personalizada e cuartos de instalacións e servizos. Todo iso coa aparencia dunha vivenda unifamiliar na que as persoas residentes fagan unha vida o máis normalizada posible, en réxime de convivencia familiar, integrada no ámbito comunitario e nun entorno vivo próximo ós servizos sanitarios e outros servizos sociais.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. Considéranse actuación subvencionables o gastos derivados da execución do proxecto de investimento consistente na construción dunha Unidade Residencial para persoas con Enfermidade Mental, de 25 prazas, no Lugar de Feal, s/n, As Pontes (A Coruña).

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Acondicionamento e urbanización do inmovble.
- b) Obras de reforma que impliquen a modernización, a mellora, a remodelación ou adaptación do inmovble.
- c) Adquisición e mellora de bens de equipamento precisos para o desenvolvemento da actividade.
- d) Gastos de honorarios profesionais derivados de elaboración de anteprojectos e/ou proxectos de obra, estudos de viabilidade, memorias técnicas e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.
- e) Gastos de honorarios profesionais en concepto de dirección de obra e/ou de coordinación de seguridade e saúde e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.

4. Nos supostos das letras a), b), d) e e), o importe total dos gastos xerais (tales como honorarios de arquitectos e enxeñeiros) non poderá superar en todo caso o 12 % do importe total da subvención concedida.

2. Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

3. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Asociación , é de 500.000,00 €.

Para o cumprimento das actuacións previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará cincocentos mil euros (500.000,00 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04 312D 781.0 do orzamento da comunidade autónoma para o exercicio 2023.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigacións que resulten da normativa aplicable, a entidade beneficiaria desta axuda está obrigada a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente, sen prexuízo da facultade da de comprobar a realización material das actuacións.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Política Social e Xuventude así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación


deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro.

f) As infraestruturas e/ou equipamentos obxecto da actuación subvencionada deberán obter as correspondentes autorizacións establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia e no Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes e pola Orde do 23 de Outubro de 1998 de regulación dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos mentais crónicos, así como permanecer destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos dende o pagamento final á entidade beneficiaria, tal e como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Tamén de contar coas demais autorizacións sectoriais procedentes. O incumprimento disto dará lugar á revogación de concesión da subvención a través deste convenio, ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

g) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades



competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

En particular, estarán obligadas a:

1º. Incorporar nun lugar visible do inmoible unha referencia expresa a que a construción ou reforma foi financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Xuventude). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar, nas actividades que realice, nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do proxecto, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no *"Manual de imagen Institucional de la Administración General del Estado"* e a *"Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado"*.

3º. Incluír a mención da orixe deste financiamento mediante o emblema da Unión e a declaración <<financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU>>, tal como se reflicte no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, de conformidade co establecido no *"Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia"*.

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

h) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude (<<bandeiras vermellas>>) e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

k) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> na execución das actuacións subvencionadas nos termos do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2020/2088.

l) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigacións de subministración de información a esta (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).

m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

n) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación, en formato electrónico, durante un prazo mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

1. A percepción desta axuda é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

A estes efectos estarase ao disposto no artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas supere o custo do proxecto subvencionado. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata conseguir o cumprimento do establecido anteriormente.

SÉTIMA. Vixencia do convenio e prazo de xustificación

1. A vixencia do convenio será polo período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 30 de decembro de 2023, ambos os dous incluídos, tendo en conta as datas límite para a súa xustificación, segundo o sinalado no número 3.

2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e a súa xustificación, consonte o establecido no número seguinte.

3. A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será do 10 de decembro de 2023.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, da seguinte forma:

Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se for o caso, de conformidade coa normativa de subvencións.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. *Gastos subvencionables.*

Son gastos subvencionables os que cumplan os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

DÉCIMA. *Xustificación*

1. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 10 de decembro de 2023.

2. De conformidade co establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, conterá a seguinte documentación:

a) Conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A memoria de actuación deberá referirse aos mecanismos de verificación do cumprimento do principio de <<non causar prexuízo significativo>> e medidas correctoras para asegurar a súa implementación.

b) A emisión do informe de auditoría axústase ao disposto na Orde EHA/143/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público

estatal, previstos no artigo 74 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto neste convenio. A verificación que debe realizar a auditoría de contas terá, en todo caso, o seguinte alcance:

1º. O cumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

2º. A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

3º. A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada pola entidade beneficiaria, foron financiadas coa subvención.

4º. O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

3. O informe do auditor permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, conforme estas bases. En todo caso, deberá comprobarse:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade, debendo anexar ao informe unha copia desta verificada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para os ditos efectos, o informe de auditoría deberá confirmar:

1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con este e que son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, sendo os devanditos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do

período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que a entidade beneficiaria utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que a entidade beneficiaria dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

g) No informe constará pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. A xustificación comprenderá o custo total do programa ou investimento subvencionado de acordo coa última memoria explicativa autorizada e non só a contía da subvención concedida. No caso de actividades financiadas con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá reflectirse na memoria económica que conterá unha relación detallada deles, con indicación do importe, procedencia e aplicación deles ás actividades subvencionadas.

5. Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados na memoria aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

A documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á subvención concedida presentárase separada para cada un dos programas subvencionados.

A entidade asignará un número de orde a cada xustificante de gasto e debe ter en conta que a suma de todos os importes totais correspondentes aos distintos conceptos de gasto debe xustificar o importe total de cada operación, segundo a memoria adaptada no caso de tela presentado.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Consellería de Política Social e Xuventude antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de

comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2009, do 13 de xuño, así como o cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 2.e) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

DÉCIMO PRIMEIRA. Incumprimentos, reintegros e sancións

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. Subcontratación

Poderá ser obxecto de subcontratación ata o 100% da actuación subvencionada nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

DÉCIMO TERCEIRA. *Compromiso de non causar dano significativo ao ambiente*

1. A entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

2. En todo caso a entidade beneficiaria preverá mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

DÉCIMO CUARTA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal designadas por cada unha das persoas que representen ás partes firmantes, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes da comisión serán suplidas por quen designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. *Comprobación, inspección e control*

1. A Consellería de Política Social e Xuventude poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do destino das axudas concedidas a través deste convenio.
2. No caso de subvencións de capital, en cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como pola entidade beneficiaria.
3. Sen prexuízo do anterior, realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentaralla ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.
4. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO SEXTA. Medidas antifraude

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación co proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do convenio, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>,

nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

2. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla como entidades executoras deberán dispor dun plan de medidas antifraude que lles permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, á detección e á corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.

3. O presente procedemento de concesión de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2023, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de

conflicto de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano de concesión poderá solicitar á entidade Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegál a información da súa titularidade real cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través do sistema para a análise de risco e conflito de intereses MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SÉTIMA *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia

legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO OITAVA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 e pola restante normativa reguladora dos fondos NextGenerationEU.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Xuventude

A Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e
Ortegal,

Fabiola García Martínez

Félix Pena Calvo